

PLAN TIC

Centro: Antonio Orza Couto (Boqueixón)

Índice

1.- Marco legal

2.- Principios do Plan TIC

3.- Análise do contexto

4.- Obxectivos

5.- Accións do grupo de traballo

6.- Participación

7.- Avaliación

1.- MARCO LEGAL

O Marco legislativo vixente para as Equipas de Dinamización das TIC no curso 2008 – 2009 é o seguinte:

LEY ORGÁNICA 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

CAPÍTULO II

Artículo 17. Objetivos de la educación primaria.

i) Iniciarse en la utilización, para el aprendizaje, de las tecnologías de la información y la comunicación desarrollando un espíritu crítico ante los mensajes que reciben y elaboran.

Artículo 19. Principios pedagógicos.

2. Sin perjuicio de su tratamiento específico en algunas de las áreas de la etapa, la comprensión lectora, la expresión oral y escrita, la comunicación audiovisual, las tecnologías de la información y la comunicación y la educación en valores se trabajarán en todas las áreas.

Artículo 23. Objetivos.

e) Desarrollar destrezas básicas en la utilización de las fuentes de información para, con sentido crítico, adquirir nuevos conocimientos. Adquirir una preparación básica en el campo de las tecnologías, especialmente las de la información y la comunicación.

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.-Áreas de coñecemento.

5. Os centros docentes elaborarán e aplicarán, ademais, o plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que se axustará ás directrices que se publican como anexo V deste decreto.

ANEXO V Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación

Enmarcada nas accións que se dispoñen na Lei orgánica de educación, e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensinoaprendizaxe, cada centro educativo deberá elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os

coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula coa participación activa de todo o equipo docente, que unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á súa memoria. Cada proxecto será único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta a situación xeográfica, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles.

Deseñaranse unhas pautas para realizar un seguimento e avaliación do plan, polo menos trimestral, polas persoas coordinadoras de ciclo e -en caso de existir- pola persoa coordinadora do plan, que determinarán, se é o caso, aspectos de mellora.

Como marco para a elaboración deste plan de traballo, xúntanse as características que se deben ter en conta para a súa elaboración:

- * Estudo inicial do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa. Poden recollese aquí as iniciativas xa realizadas neste campo e mais as expectativas e os intereses de cara ao futuro.
- * Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar, así como a metodoloxía e actividades concretas que se aplicarán para acadalos. Deberán incluírse iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que redunden nun mellor aproveitamento das TIC nas aulas.
- * Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.
- * Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto.
- * Organización dos espazos do centro.
- * Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.
- * Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.
- * Plan de avaliación anual tendente a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.
- * Detección de necesidades formativas do profesorado. Elaboración dun plan de formación interno que permita difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos dos compañeiros e compañeiras docentes.
- * Medidas para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral, de maneira que se fomente a súa participación nel.

Cada plan deberá recoller ademais os seguintes **obxectivos** xerais:

- * Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- * Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- * Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- * Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- * Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- * Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- * Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- * Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- * Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- * Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- * Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- * Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- * Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- * Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- * A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
- * Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

**Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas
da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Artigo 4º.-Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

ANEXO VI Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

Enmarcada nas accións que se dispoñen na Lei orgánica de educación, e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso mais aos procesos de ensino-aprendizaxe, cada centro educativo deberá elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, un plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación a nivel de centro e de aula coa participación activa de todo o equipo docente que, unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á memoria deste. Cada proxecto será único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta a situación xeográfica, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles.

Deseñarán unhas pautas para realizar un seguimento e avaliación do plan, polo menos trimestral, polas persoas coordinadoras de ciclo e -en caso de existir- pola persoa coordinadora do plan, que determinarán, se é o caso, aspectos de mellora.

Como marco para a elaboración deste Plan de traballo, xúntanse as características que deben terse en conta para a súa elaboración.

- * Estudo inicial do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa. Poden recollerse aquí as iniciativas xa realizadas neste campo e mais as expectativas e os intereses de cara ao futuro.
- * Obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar, así como a metodoloxía e actividades concretas que se aplicarán para acadalos. Deberán incluírse iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que redunden nun mellor aproveitamento das TIC nas aulas.
- * Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.
- * Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto.

- * Organización dos espazos do centro.
- * Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.
- * Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.
- * Plan de avaliación anual tendente a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.
- * Detección de necesidades formativas do profesorado. Elaboración dun plan de formación interno que permita difundir boas prácticas e aproveitar ideas e coñecementos dos compañeiros e compañeiras docentes.
- * Medidas para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral, de maneira que se fomenta a súa participación nel.

Cada plan deberá recoller ademais os seguintes **obxectivos** xerais:

- * Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- * Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- * Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidade especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- * Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- * Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
 - * Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- * Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- * Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- * Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula:
 - programacións, proxectos, explicacións, actividades...

- * Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- * Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- * Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- * A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.

**Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da
compoñente singular do complemento específico por función tutorial e
outras funcións docentes.**

Artigo 13º.-Definición da dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación.

Nos centros educativos poderá designarse unha persoa encargada das tecnoloxías da información e da comunicación, que terá como obxectivo o mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, así como o soporte no seu uso didáctico ao resto dos profesores do claustro.

Artigo 14º.-Funcións da dinamización das tecnoloxías da información e a comunicación.

En colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

2.- PRINCIPIOS DO PLAN TIC

- Debe implicar un cambio metodolóxico.
- Estará orientado a favorecer a consecución da competencia dixital.
- Deberá ser real, paulatino e asumido.
- Tanto a nivel de centro como de aula.
- Estará en función dos medios dispoñibles e da formación do profesorado.
- Deberá estar relacionado con outros plans: lector, de convivencia e lingüística.

3.- ANÁLISE DO CONTEXTO

3.1- Contextualización do centro

Este plan vaise implantar no CPI Antonio Orza Couto, que se corresponde cun centro público dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, con ubicación xeográfica na parroquia de O Forte. O centro está dividido, por unha pequena estrada, en dúas partes (infantil e primaria, por unha banda, e secundaria, por outra) e funciona dende as 10 ata as 17:15 h en xornada partida. Este CPI conta con 37 membros no claustro e aproximadamente 280 alumnos, dos cales son de primaria e infantil 172 e de secundaria 108. O perfil dos nosos alumnos é rural se ben existe certos matices urbanos debido a súa situación próxima a Santiago. A poboación presenta unha gran dispersión ao longo de todo o concello. No concello non existe ningún centro (centro social, cultural, concello,...) con recursos TIC dispoñibles para a poboación.

Os espazos e recursos dispoñibles aparecen reflectidos no seguinte apartado.

3.2- Medios relacionados coas TIC dispoñibles no centro:

-Espazos con medios dixitais : -2 Aulas de informática

-2 bibliotecas

-1 Aula de Tecnoloxía

- 1 Aula de Música.

- 2 Salas do profesorado

- Equipamento:

-Ordenadores

- Canóns de vídeo

- Encerado dixital

- Escáneres

- Impresoras

- Outros:

-Rede (ADSL a 4Mb/s)

-Páxina web (aloxada no servidor da xunta e xestionada mediante Drupal)

- **Xestión:**
 - Recursos instalados e fixos (en sala de profesores, administración, conserxería).
 - Dependentes de departamentos ou de uso dun aula concreta, excluindo a aula de informática.
 - Aula de informática..
 - Equipamento mediante préstamo.

3.3- As TIC na comunidade educativa:

No referente aos coñecementos e recursos informáticos do alumnado, profesorado e pais o preténdense coñecer a través dunha enquisa (anexo I). Dita enquisa relaciónase co apartado estudo inicial do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa.

En canto aos alumnos a idea que nos facemos de que xa posúen unha cultura dixital avanzada, polo feito de pertencer a unha xeración que xa naceu cos medios propios desa cultura, fai pensar que todos se moven con certa soltura, pero a experiencia persoal vai en contra desta teoría: a maioría dos nosos alumnos teñen unha conta de correo e saben manexarse en chats e en xogos de rede, pero cando lles pedimos que localicen algunha información ou que participen nalgunha rede social, etc, a cousa cambia bastante. Isto vennos a demostrar que o simple feito de ter os medios ao noso alcance no é suficiente e dá unha pista de por onde debe ir o labor do profesorado en canto á integración das TICs na aula.

O nivel de coñecementos do profesorado é moi heteroxéneo.

A formación dos coordinadores non é suficiente (básicamente autodidacta). Necesitamos máis formación para poder realizar as tarefas encomendadas, sobre todo se nos metemos con linux e no referente ao mantemento técnico dos equipos e.

4.- OBXECTIVOS

Os obxectivos deste plan son os reflectidos anteriormente no anexo VI do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no anexo V do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Amósase a continuación a concreción destes obxectivos para o noso centro e a temporalización destes:

4.1- Obxectivos a curto prazo *(xa foron acadados ao longo do pasado curso académico):*

Poñer en marcha da Aula Informática de primaria e dinamizar o funcionamento da de Secundaria.

Formar ao profesorado do centro sobre programas que faciliten o aprendizaxe ao alumnado.

Establecer normas de uso dos ordenadores que faciliten a orde e o mantemento.

Mellorar a conexión a internet e o funcionamento da rede local.

Desenvolver a competencia dixital dos alumnos.

4.2- Obxectivos a medio prazo *(a acadar ao longo do presente curso académico):*

Realizar un estudo do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa.

Elaborar o documento que reflecta o plan TIC

Crear a páxina web do centro como un medio de comunicación e información para a comunidade educativa.

Crear ferramentas dinámicas de colaboración e traballo en rede.

Establecer criterios para o axeitado uso dos recursos informáticos.

Formar ao profesorado para que teña autonomía dixital e se desenvolva nunha aula informática con soltura.

Aumentar o tempo que ten a súa disposición a equipa para traballar.

Intercambiar experiencias e información con outros centros.

4.3- Obxectivos a longo prazo *(a acadar ao longo de alomenos tres cursos académicos):*

Empregar a páxina web como unha ferramenta de aprendizaxe das distintas materias.

Fomentar o uso das TIC na aula ordinaria.

Implantar Linux no centro e formar ao profesorado nos entornos abertos e no software libre.

Uso de recursos libres.

Formar ao alumnado na utilización creativa das ferramentas informáticas.

Transformar a biblioteca como un centro de recursos das TIC.

O primeiro obxectivo do grupo de dinamización das TIC foi elaborar estes obxectivos partindo das necesidades actuais do noso Centro. Estas necesidades foron pola experiencia detectadas ao longo do curso anterior e a través dos resultados dunha sinxela enquisa na que se preguntaba aos profesores cales eran para eles estes obxectivos. Nembargantes ditos obxectivos son susceptibles de cambio en función dos datos reflectidos nunha enquisa máis completa que se está elaborando para coñecer o estado actual da comunidade educativa fronte as TIC.

5.- ACCIÓNS DO PLAN TIC

A continuación amósanse as accións do plan TIC que teñen como fin de acadar os anteriores obxectivos :

5.1- Estudo inicial do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa.

•Mediante:

- Unha enquisa sobre:

Nivel de coñecementos informáticos.

Recursos informáticos dispoñibles.

Coñecementos sobre o software libre

Dispoñibilidade nos domicilios particulares de conexión a internet e de que tipo en caso afirmativo.

Tempo e tipo de uso destes recursos

Necesidades relacionadas coas TIC que poderían ser ofertadas polo centro.

- Reunións co profesorado.
- Observación directa e diaria dos membros das TIC sobre os aspectos que podan interesar para o desenvolvemento do plan.

•Posteriormente analizaranse estes datos correlacionándoos cos recursos dispoñibles no centro para coñecer así o contexto actual e adecuar os obxectivos mencionados no apartado anterior a dito contexto.

5.2- Construción e fomento da páxina web.

Para iso seguirase a seguinte secuencia:

- Sesións de formación dirixidas a un número reducido de profesores sobre a administración e xestión da páxina.
- Reunións coa comunidade educativa para coñecer que lles gustaría que tivese a web.
- Construción da páxina.

- Sesiões de formación a nivel interno de profesorado e alumnado para a creación de contidos na web, empregando Drupal.
- Promoción da páxina a través da información aos pais mediante carta, aos alumnos a través dos titores e aos profesores nun claustro. Tamén situarase a web do centro como páxina de inicio nos exploradores de internet dos ordenadores do centro.
- Altas do alumnado e profesorado como usuarios da web.
- Uso da web como vía de comunicación entre o centro e a comunidade educativa.
- Uso da web como proposta de traballos e como medio de formación dos alumnos/as. Introducendo e formando ao profesorado para que suba recursos (textos, presentacións, vídeos, imaxes, audios,...) e enlaces educativos á web. Tamén formando ao profesorado na creación de aulas virtuais empregando Moodle. Motivando ao profesorado e ao alumnado para que empreguen a rede como un medio para que os alumnos publiquen os seus traballos na rede.

5.3- Organización dos espazos do centro e utilización dos recursos existentes en beneficio do proxecto.

- Reparto dos recursos informáticos.

Para dito reparto dos equipos informáticos que achega a consellería elaboráronse os criterios que o rexen (anexo II). Posteriormente repartíronse os equipos en función destas normas.

- Xestión e mantemento dos equipos informáticos.

A xestión dos recursos informáticos varía en función do uso que teña dito recurso. Deste xeito temos establecidos 5 tipos diferentes de recursos informáticos e para cada un deles relátase a continuación como se xestionan:

◆ Instalados e fixos.

Inclúense neste tipo os ordenadores, impresoras e escáneres da sala de profesores, administración, dirección, biblioteca e conserxería.

Os usuarios destes equipos serán os profesores para os equipos da sala de profesores, o persoal administrativo para os equipos de administración, os membros de dirección para os equipos de administración e o conserxe para os equipos de conserxería.

Cada un destes usuarios serán os primeiros responsables do estado e bo uso dos equipos.

O mantemento técnico básico destes equipos será responsabilidade dun membro do grupo das TICs do centro.

◆ **Aulas comúns.**

Inclúense neste tipo os proxectores e altofalantes, así como o cableado e conexións que hai nas aulas.

Os usuarios destes equipamentos serán os profesores que impartan docencia con dito equipamento. Estes usuarios serán os primeiros responsables do estado e bo uso dos equipos durante o seu uso.

O resto do tempo os responsables do estado de tales recursos serán os alumnos que estudan na aula onde están instalados. A xestión desta responsabilidade dos alumnos estará mediada polo titor do grupo, tal e como se fai con calquera parte do mobiliario ou instalacións da aula.

O mantemento técnico básico destes equipos será responsabilidade dun membro do grupo das TICs do centro.

◆ **Aula de informática.**

Inclúense neste tipo a propia aula de informática así como os ordenadores, impresoras, escáneres e o proxector de dita aula.

Os usuarios destes equipos serán os profesores e alumnos que usen a aula.

Para o uso da aula de informática elaborárase ao principio de curso un calendario coas sesións semanais nas que estará ocupada ao longo de todo o curso. Neste reparto ten prioridade a materia de informática e posteriormente materias que inclúan no seu currículo contidos relacionados coas TICs (como por exemplo Tecnoloxía(s) ou Educación Plástica e Visual). Unha vez elaborado este calendario os profesores poderán solicitar puntualmente o uso desta aula naquelas sesións en que estea libre. Ademais durante os recreos, e se existe dispoñibilidade horaria de profesores do grupo das TICs para facer gardas na aula, abrírase a aula de informática para poder ser usada polos alumnos.

Cada alumno será o principal responsable do bo uso e do estado dos equipos que utilice. Así, cada alumno que use un equipo da aula de informática deberá rexistrar ao principio de cada sesión o seu nome, a data, o profesor ao que está a cargo e as posibles incidencias técnicas dos equipos se as houbera. Esta responsabilidade recaerá tamén no profesor que estea a cargo dos alumnos.

O mantemento técnico básico destes equipos será responsabilidade dun membro do grupo das TICs do centro.

◆ **Dependentes de departamentos ou dunha aula específica.**

Inclúense neste tipo os ordenadores e proxectores cedidos aos departamentos de secundaria e os das aulas de primaria (actualmente nas aulas de infantil, Pedagogía Terapéutica e Inglés).

Os usuarios destes equipos serán os membros dos departamentos para os equipos dos departamentos, e cada mestre que imparta docencia durante máis tempo naquela aula de primaria que teña un ordenador. Neste último caso poderán ser usuarios os alumnos se estes mestres así o consideran.

Cada un dos usuarios mencionados anteriormente serán os responsables do estado e bo uso dos equipos.

O mantemento técnico básico destes equipos será responsabilidade dos usuarios mencionados anteriormente, non sendo responsabilidade de ningún membro do grupo das TICs do centro.

◆ **Centralizados en conserxería e xestionados mediante préstamo e con petición horaria.**

Inclúense neste tipo os portátiles e proxectores cuxo préstamo é xestionado pola conserxería.

Os usuarios destes equipos serán os profesores que soliciten estes equipos en conserxería.

Cada un destes usuarios serán os primeiros responsables do estado e bo uso dos equipos.

O mantemento técnico o básico destes equipos será responsabilidade dun membro do grupo das TICs do centro.

5.4- Mantemento técnico dos equipos que son responsabilidade dos membros do grupo das TICs.

Inclúense neste apartado todos os equipos (recursos instalados e fixos, os da aula de informática, e os centralizados mediante petición ou préstamo) salvo os dependentes de departamentos ou ordenadores dunha aula concreta (ver apartado: Organización dos espazos do centro e utilización dos recursos existentes en beneficio do proxecto).

- Para manter a orde nos equipos de uso común, impedir que calquera usuario poida instalar programas ou facer cambios e dificultar a infección e deterioro progresivo do seu estado, conxelaranse mediante un programa informático os equipos das aulas de informática, conserxería, biblioteca de primaria, sala de profesores (salvo un equipo) e equipos de empréstimo. Dita conxelación será realizada polos membros das TICs e controlada por contarsinal polo programa informático de conxelación. Deixarase, de todos os xeitos, unha partición e poñer nela a carpeta *Meus Documentos* para que os usuarios destes equipos podan gardar os documentos.

- Naqueles equipos nos que debido ao seu uso (equipos usados por só unha persoa ou equipos que necesitan facer cambios de programas ou cambios no escritorio constantemente) non se conxelarán, pero instalarase un antivirus e controlarase o estado das actualizacións de dito antivirus.

- Ademais en todos os equipos tomaranse medidas de seguridade e mantemento como: a activación do cortalumes, as actualizacións periódicas do software, limpeza de documentos ao final do curso (gardaranse un temporalmente nun CD), instar aos usuarios a manter ordenado o escritorio e a carpeta *Meus Documentos* e formateado periódico de algúns equipos.

- Elaboráronse unhas normas de uso dos ordenadores do centro, presentadas para aprobación por parte do claustro de profesores.

- Formar ao profesorado no uso correcto do hardware, o cal permitirá reducir o número de avarías.

- Elaboración e actualización dun inventario cos recursos relacionados coas TICs do Centro.

Dito inventario será responsabilidade do coordinador das TICs.

5.5- Substitución do software comercial por software libre.

Farase naqueles programas nos que sexa posible e dun xeito progresivo, axustando o ritmo de substitución á adaptación do profesorado e do alumnado, aos que, paralelamente, ofrecerase asesoramento sobre ditos programas no caso de que teñan problemas.

5.6- Fomento e formación no uso de recursos libres e gratuítos.

Fomento do uso de recursos (vídeos, audios, imaxes, presentacións,...) sen dereitos reservados, asesorando á comunidade educativa sobre ás licencias libres e as fontes de onde conseguir recursos libres.

5.7- Asesoramento sobre o uso responsable de internet.

Dirixido fundamentalmente aos alumnos. Centrándose en temas como a privacidade, a seguridade o acceso a contidos adecuados para cada idade, etc...

5.8- Dinamización das TICs no Centro.

As actividades de dinamización non incorporadas nos anteriores apartados son:

- Posta en disposición do alumnado dos PC´s da aula de informática durante os recreos.
- Ofrecemento á comunidade educativa de software libre (OpenOffice, Linux, Gimp, Firefox...) tanto para o seu uso no centro como a nivel particular.
- Posibilidade para o alumnado de imprimir na fotocopiadora de conserxería cun custo razoable.
- Dotación progresiva ás aulas co hardware necesario para o uso das TICs na propia aula. O hardware instalado será un proxector, un encerado ou pantalla de proxección, un par de altosfalantes, e levar ata a mesa do profesorado as conexións de audio, vídeo e rede. Paralelamente a este punto formarase ao profesorado no uso de dito hardware, nas súas posibilidades na aula e en como obter recursos para empregar estes equipamentos.
- Migración da xestión da Dirección, Xefatura e Secretaría, e Departamentos cara as TIC.

Supresión a uso do papel para convocatorias e ofrecendo un lugar na páxina web para o uso dos departamentos.

Facilitar o acceso a documentos dixitalizados dispoñibles para descargar (saídas, permisos ...).

- Edición dixital, ademais da de papel, da revista do centro.

5.9- Plan de formación sobre as TICs.

•A formación sobre as TICs mediada directamente polo equipo do centro será a seguinte (algúns destes plans de formacións aparecen tamén recollidos noutros puntos deste documento):

- ◆ Formación do profesorado e membros das APAS sobre DRUPAL para poder subir contidos á rede.
- ◆ Formación ao profesorado sobre Moodle.
- ◆ Formación ao profesorado de primaria sobre o uso e as aplicacións do encerado dixital.
- ◆ Formación ao profesorado sobre o uso do seguinte hardware: proxectores, conexións ao ordenador (audio, vídeo, rede,...).
- ◆ Formación ao profesorado sobre ás posibilidades que ofrece o uso do proxector, alt falantes e conexión á rede na aula e como obter recursos para o seu uso.
- ◆ Formación ao profesorado no uso correcto do hardware co fin de previr avarías.
- ◆ Formación ao profesorado sobre o uso de recursos libres e gratuítos e como e onde obter ditos recursos.
- ◆ Formación ao alumnado sobre algúns programas de software libre.

•A formación relacionada coas TICs e non impartida directamente polos membros das TICs do centro é:

- ◆ Formación relacionada co uso responsable de internet, impartida pola Garda Civil.

5.10- Asesoramento das TICs no Centro.

• Asesoramento sobre software.

Será puntual para aquelas persoas que demanden información sobre o uso do software instalado nos equipos do centro. Prestarase máis atención sobre o software libre pois a maioría da comunidade educativa non o coñece e por que a longo prazo o software comercial será substituído por este.

- Asesoramento sobre hardware.

Será básico e para aquelas persoas que demanden información sobre o hardware a cargo do centro.

5.11- Coordinación da acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TICs.

Os membros das TICs serán o nexo común para todos os membros da comunidade educativa que traballen coas TICs e, como tales, preocuparanse por coñecer cales son as iniciativas emprendidas por éstos co fin de coordinalos. Relacionado co anterior, os membros das TICs impedirán a duplicación de proxectos e fomentarán o traballo colaborativo entre os diferentes membros da comunidade.

Nesta liña promoverase, cando menos, unha sesión anual monográfica da CCP para a definición dos recursos TIC no contexto das actividades de ensino-aprendizaxe, co obxectivo principal de reflexionar e debater o necesario cambio metodolóxico que implica a súa introdución na aula e nas actividades de centro en xeral.

Ademais durante as sesións de formación do profesorado fomentárase o intercambio de coñecementos e recursos sobre distintos aspectos da aplicación das TIC especialmente no manexo e mantemento do equipamento e das aplicacións básicas, no uso da páxina de centro e dos recursos en liña en xeral, no acceso a recursos existentes e na posibilidade de deseñar novos recursos, no uso de aplicacións libres, etc.

5.12- Impulsar a comunicación co asesor SIEGA e con outros centros da contorna que sirvan como referencia de traballo.

Os membros das TICs poñerán en contacto a calquera membro da comunidade educativa co asesor TIC naqueles casos onde eles non alcancen a solucionar as cuestión que se lle plantexen.

5.13- Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.

- Instarase á biblioteca para que se dote tamén de recursos multimedia: vídeos, programas, etc...
- Instalarase na biblioteca ordenadores para o uso por parte dos alumnos.
- Poñerase a disposición da biblioteca un espazo na páxina web do centro e formando aos seus responsables sobre o uso da páxina.

5.14- Colaboración do plan TIC co plan de normalización lingüística e co plan lector

- Colaborarase co plan lector co obxectivo de por en dispoñibilidade recursos TIC para dito plan.
- Colaborarase con normalización lingüística co obxectivo de por en dispoñibilidade recursos TIC para favorecer a normalización.
- Ofrecerase un espazo na web do centro para estes plans.
- Empregarase software en galego sempre que sexa posible (dado que en moitos casos só existen versións en inglés ou en castelán).
- Empregarase o galego na estrutura básica da páxina web, se ben o idioma dos contidos subidos a páxina dependerá do membro da comunidade educativa creador deses contidos.

6.- PARTICIPACIÓN

Na realización deste documento participa:

O profesorado: A través dos departamentos didácticos

O coordinador e asesores das TIC

O equipo de normalización lingüística

A comunidade escolar: alumnos/as e pais/nais.

Coordina: Os dinamizadores do plan TIC.

Supervisa: A comisión de coordinación pedagóxica

Aproba: O claustro e o consello escolar

7.- AVALIACIÓN

O plan de avaliación ten como finalidade principal valorar o grao de consecución dos diferentes obxectivos propostos, pero non de modo exclusivo, xa que o proceso de avaliación afectará tamén a idoneidade das metodoloxías empregadas, ao grao de aceptación e interese que xeraren as actividades desenvolvidas, ao grao de satisfacción acadado coa formación do profesorado en relación as necesidades para a aplicación deste plan nas aulas e no centro en xeral, etc.

O proceso de avaliación comeza coa recollida de información xa dende o mesmo momento da posta en marcha das diferentes actividades, e constitúe unha ferramenta de análise e reflexión sobre as actuacións realizadas en relación aos obxectivos relacionados co profesorado, co alumnado ou co centro en xeral, de tal xeito que sexa posible detectar o grao de consecución dos mesmos, as dificultades atopadas, e introducir modificacións e melloras e/ou os novos obxectivos e/ou estratexias que se recollerán na revisión anual do Plan.

O seguimento e avaliación do plan será trimestral (funda por medio de reunións dos membros das TIC's) e anual (onde farase un análise máis pormenorizado e reflectirase nun documento os resultados de dita avaliación).

A avaliación realizarase a través de:

- Observación directa e continuada do profesorado (apoiada polas ferramentas que considere oportunas, como poden ser as propias probas de materia ou formularios específicos) que aporte información sobre os diferentes aspectos da aplicación das TIC na súa materia en concreto, atendendo aos niveis de aprendizaxe, comprensión, atención, comportamento, autonomía, interese, etc. que se vexan afectados polo uso das TIC, comparadas con situacións similares nas que non se recorra ás TIC.
- Observación directa e continuada dos coordinadores que valorarán os aspectos máis obxectivos. Valoraranse a través da observación directa os distintos aspectos que interveñen na consecución dos obxectivos inicialmente propostos, adoptando medidas que reforcen e/ou corrixan os diferentes plantexamentos, tanto nas propias actividades deseñadas como na coordinación das mesmas e/ou na xestión dos recursos.

- Reunión ao finalizar cada curso co profesorado implicado, que dará lugar ao intercambio de puntos de vista sobre a consecución dos obxectivos do plan.

- Recollida de datos dos formularios relacionados con algúns recursos das TIC's como poden ser os equipos de empréstimo da conserxería, o uso dos equipos da sala de informática, etc...

- Enquisas deseñadas expresamente para o profesorado e o alumnado no que se recollan os diferentes aspectos do desenvolvemento do plan con especial atención aos procesos de ensino-aprendizaxe e á formación do profesorado, coa finalidade de valorar a repercusión do proxecto en cada un dos aspectos que desenvolve, de recoller suxestións de mellora nos mesmos e/ou a introdución de aspectos non contemplados ata o momento que favoreceran a consecución dos obxectivos propostos.

- Documento que relacione os obxectivos estratéxicos para o curso cunha serie de indicadores de medición (Anexo III) aos que se lle aplica uns determinados criterios de aceptación.

- Informe anual elaborado polos coordinadores de acordo coas propostas do conxunto do profesorado, que reflectirá o proceso de avaliación e as súas conclusións, e que xunto coa redacción das modificacións que haxa que introducir e das melloras e/ou novos obxectivos e/ou estratexias que sexa necesario desenvolver, constituirá a revisión anual do plan.

ANEXO I

ENQUISA SOBRE AS TIC's

Curso: -1º -2º -3º -PDC -4º **Sexo:** -Masculino -Feminino

1- Que tipo de uso lle da ao ordenador (pode marcar máis dunha opción):

-Xogos -Música ou vídeo -Relacións (chat, messenger, fotolog,...)

-Educativo - Busca de información -Compras

2-Das 6 opcións anteriores a cal lle adica máis tempo:

-Xogos -Música ou vídeo -Relacións (chat, messenger, fotolog,...)

-Educativo - Busca de información -Compras

3- Ademais de nas clases, canto tempo adica semanalmente ao ordenador:

-Nada -Ata 3 horas -De 3 a 7 horas -Máis de 7 horas

4- Ademais de nas clases, canto tempo adica semanalmente a navegar por internet:

-Nada -Ata 3 horas -De 3 a 7 horas -Máis de 7 horas

5- Gústalle navegar por internet no seu tempo de ocio ou prefire outro tipo de actividades:

- Si, gústame -Non me gusta

6- Fora do centro, cando navega por Internet está normalmente algún adulto con vostede: Si Non

7-Ten e utiliza habitualmente unha conta de correo electrónico: Si Non

8- Coñece algún dos seguintes programas (pode marcar máis dunha opción):

-OpenOffice -Linux -Gimp -Firefox -VLC

9-Dispón dalgún ordenador na súa casa: Si Non

SE CONTESTOU QUE SI Á PREGUNTA 9 RESPONDA A ESTE BLOQUE DE PREGUNTAS (da 9 á 20)

10- Indique cantos ordenadores ten: _ _ _ _ _

11- Utiliza habitualmente algún destes ordenadores: Si Non

12- Que persoas, ademais de vostede, utilizan habitualmente o ordenador na casa (pode marcar máis dunha opción):

-Pai -Nai -Irmáns -Outros

13- Cal é a velocidade ou tipo de microprocesador do ordenador que máis utiliza na casa:

-Menos de 1 GHz -De 1 a 1,5 GHz -Máis de 1,5 GHz -Doble núcleo

14- Que capacidade de memoria RAM dispón o ordenador que máis utiliza na casa:

- Menos de 128 Mb - De 128 a 512 Mb - Máis de 512 Mb

15- Que sistema operativo ten o ordenador que máis utiliza:

-Windows95 -Windows98/ME/2000 -WindowsXP -Windows Vista -Linux

16- Ten instalado no seu ordenador algún dos seguintes programas (pode marcar máis dunha opción):

-OpenOffice -Linux -Gimp -Firefox -VLC

17- Ten instalado algún antivirus no ordenador da casa:

- Si, e actualizado -Si, pero sen actualizar -Non

18 -De que periféricos dispón na casa (pode marcar máis dunha opción):

-Impresora -Webcam -Escáner

19- Dispón de ordenador na súa habitación: Si Non

20- Ten conexión a internet na súa casa: Si Non

SE CONTESTOU QUE SI Á PREGUNTA 20 RESPONDA A ESTE BLOQUE DE PREGUNTAS (da 21 á 22)

21- Que tipo de conexión ten:

-Línea telefónica básica -ADSL 1 Mb -Máis de 1 Mb -NS/NC

22- Está activado nos ordenadores da súa casa con conexión a internet o control parental (acceso restrinxido a determinadas páxinas): Si Non

SE CONTESTOU QUE SI Á PREGUNTA 19 E A 20 RESPONDA A ESTA PREGUNTA

23- Ten conexión a internet o ordenador da habitación: Si Non

ANEXO II

Criterios de reparto dos equipos novos achegados pola consellería de Educación.

Que se trata dunha dotación destinada a renovación e mantemento dos equipos do centro e non unha dotación específica para a aula e que se espera recibir unha dotación específica para a aula informática de primaria unha vez esta estea montada.

Procurar que os equipos das mesmas características queden distribuídos en grupos, nunha mesma aula ou edificio.

Atender na medida do posible as necesidades específicas de cada materia, aula, e docente.

Favorecer a distribución dos equipos en espazos comúns nos que presten servizo a o maior número de persoas da comunidade educativa.

Procurar que cada equipo teña asignado un uso e un espazo concreto evitando que se depositen no almacén para emprésto, para facilitar que as persoas menos habituadas as novas tecnoloxías se acheguen as mesmas e as utilicen.

Que os requirimentos de cada equipo varían en función do uso que se lle dea. Aqueles equipos destinados a o uso de contidos multimedia como vídeo, son ou internet, necesitan procesadores máis rápidos e maior memoria RAM. Aqueles equipos destinados a tarefas administrativas como a elaboración de textos ou a contabilidade poden estar menos actualizados.

Que aqueles equipos que prestan algún servizo a outros equipos como aqueles que teñen impresoras e carpetas compartidas, que funcionen como servidores e, como o servidor do xade, son os que deben estar en mellor estado dado que consumen maiores recursos e inflúen ao labor de moitos outros equipo.

Que as materias de Tecnoloxía, Informática, Música e Plástica inclúen como parte dos seus contidos curriculares o uso das novas tecnoloxías.

Que nalgunhas metodoloxías de traballo como as que se desenvolven con rapaces con necesidades educativas específicas en AL e PT o uso das novas tecnoloxías é fundamental.

A resultas da renovación unha serie de equipos do centro poden ser actualizados e redistribuídos coa idea de crear unha aula informática no edificio de primaria e de rotar todo o conxunto dos ordenadores do centro para substituír os mais vellos e desmantelar aqueles que sexan inservibles.

Criterios de reparto dos equipos de segunda man achegados pola consellería de Educación para a nova Aula informática de Primaria.

Que se trata dunha dotación específica destinada a Aula Informática de Primaria. Que polo tanto deberán ser equipos destinados en primeiro lugar a dita aula. Que de sobrar algún dos mesmos ou de existir equipos pendentes de reubicación a resultas de ser substituídos por algúns dos equipos recén chegados, estes equipos tamén deberán ser destinados preferentemente para educación primaria e Infantil.

A resultas da renovación unha serie de equipos da aula Informática de Primaria poden ser redistribuídos coa idea de dotar a todas as aulas de infantil e primaria dun equipo informático para o rincón de xogos.

ANEXO III

Relación dos obxectivos cos indicadores de medición elaborados.

Obxectivo:

Reflexionar e debater o necesario cambio metodolóxico que implica a introdución das TIC na aula e nas actividades de centro en xeral co fin de normalizar o uso destas novas ferramentas.

Indicadores de medición:

Convocatoria das sesións de debate.

Participación do profesorado nas sesións de debate.

Valoración do profesorado das sesións de debate.

Repercusión das conclusións das sesións nas actividades programadas.

Obxectivo:

Informatización da xestión de centro en especial elaboración de documentos en formatos dixitais.

Indicadores de medición:

Uso do correo electrónico para convocatorias e outras comunicacións.

Elaboración de documentos de xestión con bases de datos.

Elaboración de formularios en liña.

Elaboración de documentos dispoñibles na páxina do centro.

Obxectivo:

Incrementar o uso da páxina web do centro como un instrumento nos procesos de ensino-aprendizaxe, información e difusión, mediante a creación dun sistema de aulas virtuais, que inclúan materiais didácticos relacionados coas materias, e unha axeitada actualización dos contidos, continuada e plural.

Indicadores de medición:

Posta en marcha do sistema de xestión de aulas virtuais.

Participación do profesorado na creación de aulas virtuais.

Participación do alumnado no uso de aulas virtuais.

Actualización da axenda de eventos.

Actualización da páxina de inicio.

Actualización da información obxectiva.

Actualización da información dos diferentes departamentos.

Vinculación a través da páxina a recursos externos.

Aloxamento na no espazo web de recursos propios.

Obxectivo:

Potenciar o uso de aplicacións e recursos libres.

Indicadores de medición:

Uso de aplicacións e recursos libres.

Inclusión nas sesións de formación do uso de aplicacións e recursos libres

Disponibilidade de ligazóns a recursos libres dende a páxina web do centro.

Obxectivo:

Potenciar o uso de aplicacións 2.0

Indicadores de medición:

Uso de aplicacións 2.0

Inclusión nas sesións de formación do uso de aplicacións 2.0

Disponibilidade de ligazóns a aplicacións 2.0 dende a páxina web do centro.

Obxectivo:

Consolidar o uso das TIC no uso da biblioteca como centro de documentación e en xeral como soporte tecnolóxico para diferentes aspectos do desenvolvemento dos plans lector e lingüístico.

Indicadores de medición:

Dotación TIC da biblioteca.

Uso do alumnado dos ordenadores da biblioteca.

Fondos en formato dixital adquiridos e a disposición na biblioteca.

Acceso do alumnado aos fondos documentais en formato dixital.

Mantemento e actualización do espazo da biblioteca na web do centro.

Disponibilidade de recursos TIC para actividades do plan lector.

Disponibilidade de recursos TIC para actividades do plan lingüístico.

Obxectivo:

Optimizar a xestión e o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos do centro, especialmente dos ordenadores, proxectores e encerado dixital.

Indicadores de medición:

Disponibilidade dos proxectores do centro.

Disponibilidade dos ordenadores do centro.

Disponibilidade do encerado dixital.

Disponibilidade de outro equipamento TIC.

Uso das aulas de informática.

Uso de aulas específicas con equipamento TIC.

Uso de material de empréstito.

Valoración do alumnado da dispoñibilidade de equipamento e o uso dos espazos.

Valoración do profesorado da dispoñibilidade de equipamento e o uso dos espazos.

Obxectivo:

Optimizar o mantemento dos equipos mediante o uso de programas de recuperación e/ou conxelación, antivirus, etc. e replantexar o sistema de administración dos mesmos en relación as configuración a instalación de programas, etc.

Indicadores de medición:

Instalación de programas de recuperación e/ou conxelación.

Instalación de antivirus.

Establecemento dun sistema de xestión da administración dos equipos.

Cuantificación do número de incidencias técnicas.

Obxectivo:

Levar a cabo unhas novas sesións de formación do profesorado.

Indicadores de medición:

Convocatoria das sesións de formación.

Participación do profesorado nas sesións de formación.

Desenvolvemento dos contidos das sesións de formación.

Valoración do profesorado das sesións de formación.

Repercusión das sesións de formación nas actividades programadas.

Repercusión das sesións de formación no desenvolvemento do plan.

O Plan TIC foi informado polo Claustro de Profesores na sesión do 2 de febreiro de 2010, e aprobado polo Consello Escolar en sesión da mesma data.